



Unha prórroga que salvagarde o pendello provincial. Iso é o que procuran á desesperada algúns sectores do Partido Popular. Baltar e Louzán veñen de propor que as e os deputados provinciais sexan elixidos por sufraxio directo, nunha segunda urna en paralelo ás eleccións municipais. Máis un síntoma de esgotamento dunhas institucións, as deputacións provinciais, caducas e rexeitadas por amplas capas sociais. Precisamente cando no debate suma cada vez maior apoio a proposta de facer desaparecer as deputacións, o Partido Popular despreza de xeito oportunista o último cartucho para defenderen un dos bastións do seu poder institucional en Galiza.

As deputacións deben desaparecer, non só por cuestión de hixiene democrática, que tamén. As razóns principais que teñen fundamentado esta reivindicación, erguida historicamente con coherencia polo nacionalismo galego, atinxen a outros aspectos que non se resolven pola vía do lavado de cara electoral. A xestión obscenamente clientelar que as elevou á cúspide do caciquismo -nomeadamente na cuestión laboral- e a súa estrutural opacidade son algúns dos trazos máis grosos. Hai que engadir a súa obxectiva falta de funcionalidade unha vez se

## DePPutaci3ns

Escrito por Xabier P. Igrexas  
Luns, 04 Xu3o 2012 23:00

---

produciu a descentralizaci3n auton3mica, que as relegou a unha inc3moda posici3n que se discute entre o solapamento e a duplicidade con outras administraci3ns. Dous extremos de total inutilidade para a veci3anza. Son ademais entes desde o que se ten exercido un intenso control pol3tico, facendo que prelasen criterios partidarios sobre as necesidades territoriais.

Non contribuíron á vertebraci3n territorial do pa3s, que no noso caso hab3a pasar pola comarcalizaci3n. Ao contrario teimaron en facer sobrevivir un modelo, o provincial, xurdido do centralismo espa3olista e alleo á realidade do noso pa3s. Tampouco serviron para estimular a mancomunaci3n de servizos que axudase a viabilizar o noso medio rural, e nada fixeron para frear a desertizaci3n demogr3fica e produtiva do mesmo.

Fica claro, pois, que desde o punto de vista da defensa do interese xeral, en chave social, a desaparici3n das deputaci3ns non ser3a ning3n drama. Ao contrario. Por3n, 3 evidente tam3n que os denodados esforzos do PP por facelas sobrevivir evidencian at3 que punto estas son funcionais aos seus intereses de partido.

M3is sobre Xabier P. Igrexas no seu [blogue](#)